

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016340	IES Aquis Querquernis	Bande	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en vañlor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

As características demográficas da Baixa Limia ourensana correspóndense claramente coa maioría das zonas rurais do interior de Galicia. Podemos destacar as seguintes características: dispersión e atomización poboacional, descenso demográfico continuado, envellecemento demográfico e predominio da poboación inactiva.

Como consecuencias de todos estes factores, o IES Aquis Querquernis sofre unha diminución de matrícula dende hai varios anos. Neste curso están matriculados un total de 89 alumnos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

### Descrición:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	XEOMETRÍA	Ferramentas e trazados básicos propios do debuxo técnico	15	10	X		
2	A FORMA PLANA	Punto, recta e plano. Técnicas secas e húmidas	15	10	X		
3	COR E TEXTURA	Cor e textura. Técnicas secas e húmidas	15	10		X	
4	O ESPAZO	Representación da forma tridimensional e do espazo. Introducción ao sistema diédrico.	15	10		X	
5	EXPRESIÓN ARTÍSTICA	Arte, artistas e estilos artísticos.	15	10			X
6	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Imaxe fixa e en movemento. Cómic e cine	15	10			X
7	PROXECTO ARTÍSTICO: O LIBRO DE ARTISTA	Realización do propio manual de clase empregando técnicas	10	10	X	X	X

#### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	XEOMETRÍA	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimentar coas ferramentas propias do debuxo xeométrico	TI	100
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Xerar imaxes planas empregando formas xeométricas		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar producións gráficas cunha intención previa		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Coñecer o proceso creativo na produción gráfico-plástica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A FORMA PLANA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar de xeito guiado obras artísticas	TI	100
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Experimentar con diversas ferramentas, técnicas e soportes		
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Crear producións individuais ou colectivas		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar bosquejos previos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Coñecer referencias culturais da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A linguaxe visual como forma de comunicación.
- Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	COR E TEXTURA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas e sentimentos mediante imaxes	TI	100
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Realizar diferentes tipos de producións artísticas con diferentes técnicas		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar bosquexos previos		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Coñecer referencias culturais e artísticas da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A linguaxe visual como forma de comunicación.
- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O ESPAZO	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Coñecer procesos artísticos e contextos diferentes	TI	100
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimentar con técnicas bi e tridimensionais		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar bosquejos previos		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Rexistrar o proceso creativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	EXPRESIÓN ARTÍSTICA	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Recoñecer a importancia da arte como feito diferenciador do ser human,	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar o patrimonio cultural e artístico galego.		
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Describir o papel da muller artista		



Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Entender a produción cultural e artística contemporánea como froito do momento		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Coñecer producións artísticas de distintos momentos e lugares		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos máis destacados.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Recoñecer a importancia do contexto que rodea á produción artística	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Coñecer diversas técnicas gráficas		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Observar producións visuais e audiovisuais		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Coñecer producións culturais da contorna		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar bosquejos previos		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer a intencionalidade de diferentes producións visuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
7	PROXECTO ARTÍSTICO: O LIBRO DE ARTISTA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Experimentar con distintas técnicas artísticas	TI	100
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimentar con distintas técnicas artísticas bi e trimensionais		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar bosquexos previos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Educación Plástica e Visual e Audiovisual ten por finalidade que o alumnado desenvolva as capacidades de percepción visual, entendemento e comprensión das linguaxes da imaxe e as técnicas e recursos que lle permitan crear imaxes capaces de representar e expresar os seus coñecementos e as súas sensacións persoais.

Para a consecución destes fins, o fundamental será o traballo práctico que o alumnado realice na aula e durante o horario das clases. Deste modo, e baixo a vixilancia e dirección do profesor, poderán corrixi-los seus erros tanto de carácter conceptual, como de procedemento no mesmo momento en que estes se producen. Os traballos que o alumnado terá que facer fóra do horario das clases serán escasos e moi determinados co fin de evitar prácticas erráticas que máis que favorecer a súa aprendizaxe, o entorpecen e confunden.

As nocións de carácter teórico a modo de introducción precederán cada unidade didáctica, e os traballos prácticos que tamén ocuparán a maior parte do tempo. Tratarase sempre de que o alumnado aprenda a través da súa propia experiencia realizadora.

O espazo propio para a realización dos traballos será a aula de Debuxo. A aula entendemos como un espazo aberto a todas as experiencias que poidan enriquecer a aprendizaxe do alumnado, sendo as nocións teóricas básicas que toda formación gráfico-plástica debe ter en conta.

Dende un punto de vista xenérico, a programación de aula e de cada unha das unidades didácticas, baséanse nos seguintes principios de intervención educativa:

- a. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e mellorandito nivel de desenvolvemento.
- b. Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
- c. Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- d. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos de modo que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- e. Foméntanse a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.
- f. Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos e alumnas sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.
- g. Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- h. Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- i. Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- j. Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

A metodoloxía de traballo nas distintas unidades didácticas seguirá as seguintes fases:

-FASE 1: Exposición teórica a partires dunha presentación de diapositivas (reforzado con outros contidos multimedia como videos ou imaxes interactivas). O alumnado tomará apuntamentos no seu caderno dos conceptos expostos o que fará as veces de manual de clase. Nalgúns casos o profesor facilitará mapas conceptuais que faciliten a adquisición de aprendizaxes. Todas as prestacións serán colgadas na web do departamento para consultar en calqueira momento.

-FASE 2: Proposta de exercicios prácticos, traballos, proxecto ou lámina sobre os contidos expostos durante a fase 1. Consideramos esencial que esta fase se desenvolva na aula coa supervisión do profesor.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

En Educación Plástica e Visual dado que a materia é eminentemente práctica, os materiais que utilizaremos serán os propios para o traballo diario na creación de imaxes.

En primeiro lugar está a aula, onde teñen lugar as clases, que consta de mesas e taburetes especiais, de maior tamaño. As explicacións teóricas serán impartidas polos profesores da área apóiandonos na utilización dos recursos audiovisuais dos que dispón o centro: ordenador e proxector de vídeo.

Outros materiais e recursos dos que dispoñemos na aula son:

- Cabaletes para modelado.
- Modelos de escaiola.
- Elementos de Debuxo técnico: paralex, maletas con figuras xeométricas e pezas, etc.
- Tórculo.
- Libros de consulta sobre arte, deseño, debuxo, arte secuencial, fotografía, etc.
- Revistas, xornais e folletos de propaganda para a procura de imaxes.
- Cartolinas de cores diversas.
- Ceras, rotuladores e lapis de cores.
- Xogo de escuadros e regra e compás de encerado.
- Xogos de escuadros e regras de plástico.
- Lapis e material de debuxo técnico.
- Trapos, pinceis, cuchillas, tixeiras, rotuladores¿
- Cores básicas de ceras e témperas.

Tamén usárase a aula virtual do IES Aquis Querquernis en para que o alumnado teña todo o material e tamén como ferramenta de avaliación

Os materiais de traballo dos que o alumnado deberá dispor son:

- Papel de dibujo DIN A4 ou A3

- Papel de acuarela DIN ou A3
- Cuaderno de hojas sen cadrícula A5.
- Lápiz HB y 4B,goma e portaminas.
- Compás.Regla, escuadro e Cartabón.
- Témperas de color: maxenta, amarelo, azul cyan, branco e negro\*
- Rotuladores de cores.
- Lápices ou ceras de cores
- Pegamento e tresoiras.
- pinceis para témperas ou acrílicos

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

considerase moi importante no departamento a valoración inicial do alumnado a comezo do curso nos niveis de primeiro da ESO, para ter un coñecemento previo das súas capacidades ou posibles carencias e asimesmo detectar as posibles necesidades de apoio que os mesmos poidan presentar.

En 1º ESO, o profesor baseará en dúas actividades o estudo inicial das destrezas que os alumnos e alumnas teñen adquiridas para o desenvolvemento da materia e o coñecemento dos contidos mínimos necesarios para este fin.

Un pequeno escrito ao alumnado no que mediremos a capacidade creativa nun caso hipotético irreal

Un traballo individual no que teña que escoitar as instrucións de execución e empregar distintas técnicas, mediremos á atención, comprensión e aspectos relativos á graffía.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	15	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

A sistematización do seguemento da avaliación da materia debe basearse nas seguintes ferramentas e instrumentos:

- Láminas. A media aritmética das láminas terá un valor do 60% da nota trimestral. Presentáranse físicamente ou mediante a aula virtual do centro.
  - A cada lámina corresponde unha táboa de indicadores nos que os criterios de avaliación da unidade terán un valor de ata 7 pts
  - A limpeza e coidado na presentación ata. 1.50 pts; e a puntualidade de entrega ata 1,50 pt.
  - O alumnado dispoñe de tres sesións nas que perderá proporcionalmente puntuación neste apartado (día 1= 1.50 pts. día 2= 0,75 pts. e día 3= 0 ptos). Pasadas estas tres oportunidades perderá opción de entrega (NP=0).
- Traballo en clase e en casa: A media das mesmas terá un valor do ata o 30% da nota trimestral. A este apartado corresponden as anotacións da realización de tarefas de casa e clase, aproveitamento da clase, apuntamentos, bosquexos, materiais e coidado do material común. Valoráranse mediante táboa de indicadores do 0 ao 10.
  - Libro de artista: Terá un valor do ata o 10% da nota trimestral. Enténdese como a manipulación e creación dun obxecto artístico tipo libro que o alumnado realiza sobre o seu caderno de aula. Cada trimestre o profesor pedirá o libro de artista cós contidos correspondentes. Valorárase mediante unha táboa de indicadores do 0-10 pts.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final da materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual será o resultado da media das tres avaliacións.

Tomarase a cifra da nota por trimestre con dous decimais, redondeando ata a mais próxima.

### **Criterios de recuperación:**

#### **RECUPERACIÓN DE TRIMESTRES SUSPENSOS:**

Ao alumnado con avaliacións anteriores suspensas se lle dará a oportunidade de recuperar:

Se na avaliación non superada tivo algunha/s láminas do trimestre suspensas ou non entregadas, terá que entregalas de novo no prazo acordado co profesor, e aprobar a seguinte. No caso de realizalas correctamente, consedrárase recuperada con 5.00.

Se suspendeu superando as láminas e traballos, aprobando a seguinte avaliación considerárase recuperada cun 5.00. No caso que esta sexa a terceira avaliación, fará un traballo de recuperación.

#### **AVALIACIÓN ORDINARIA**

Antes do remate das clases en xuño o alumnado poderá recuperar as avaliacións non superadas mediante as actividades de recuperación que indique o profesor. En cada caso poderán ser:

- Alumnos/as cunha avaliación suspensa: un traballo resumo dos contidos non superados do trimestre.
- Alumnos/as con dúas avaliacións suspensas: un traballo resumo dos contidos non superados de cada trimestre.
- Alumnos/as con tres avaliacións suspensas: un traballo resumo dos contidos non superados de cada trimestre.

Na primeira semana de xuño, o profesor informará ao alumnado nestes casos das tarefas de recuperación a realizar.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

### **SEGUIMIENTO PERIÓDICO**

A avaliación do alumnado pendente da materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual será realizada pola Xefatura de Departamento. No caso no que o alumno curse 3ºESO, teña pendente a materia dalgún curso anterior e estea matriculado na materia de EPVA, o profesor poderá acordar xunto ó alumno vincular a nota da pendente coa superación dos dous primeiros trimestres do curso. Noutros casos seguirá o seguinte plan de traballo baseado na execución de láminas e exercicios.

### **PLAN DE TRABAJO**

Os exercicios propostos serán elaborados a partir dos mínimos esixibles para o nivel correspondente e postos en coñecemento dos/as interesados/as a través dunha reunión que terá lugar no primeiro trimestre do curso. Nesta reunión tamén informárase das datas para a entrega dos exercicios, así como do horario de atención do alumnado por parte do docente para a resolución de posibles dúbidas. A primeira fase deste programa de recuperación comezará a principios de xaneiro e rematará a finais de maio

Considerarase superada a materia cando o alumnado presente a totalidade de traballos e acade unha cualificación media de 5 neles.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O tratamento á diversidade, aplicarase desde o momento en que se detecten distintos niveis de coñecementos e actitudes no alumnado. Os traballos propostos poderanse matizar simplificando ou complicando as formulacións segundo conveña en cada caso, por iso a atención á diversidade esta contemplada principalmente nas actividades, as cales poderán responder a tres niveis de dificultade (alta, media e baixa).

-Dificultade alta: actividades destinadas ao alumnado que resolve as tarefas normais con facilidade, actividades máis complexas e actividades extras para poder desenvolver máis as súas capacidades. As actividades extras daránse sempre que teñan rematado os seus exercicios anteriormente, e non supoñan unha carga extra de tempo.

-Dificultade media: actividades programadas normalmente polo profesor segundo o seu curso académico.

-Dificultade baixa: aqueles alumnos e alumnas que lles é dificultosa a realización das actividades e a súa comprensión, pero queren aprender e se esforzan. As actividades serán máis sinxelas, tamén se lles proporcionará

actividades de reforzo intentando que consigan o nivel académico axeitado ao seu nivel.

Unha vez celebrada a reunión da Avaliación Inicial, o departamento decidiu a partires dos informes do departamento de Orientación, realizar unha Adaptación Curricular en 1ºE.S.O. Acordando do mesmo modo que o alumno realice actividades adaptadas ao seu nivel curricular en cada unha das Unidades Didácticas do curso.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación multicultural	X		X		X		
ET.2 - Igualdade de xénero		X				X	
ET.3 - Educación ambiental	X						X
ET.4 - Educación para a convivencia				X			
ET.5 - Comprensión de lectura		X			X		
ET.6 - Expresión oral e escrita					X		
ET.7 - Competencia dixital		X				X	
ET.8 - Fomento do espírito crítico e científico	X			X	X		
ET.9 - Educación para a Sustentabilidade e Consumo responsable			X				
ET.10 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Aínda que tódolos temas transversais están presentes no deseño do proxecto, cinco deles merecen un tratamento especial porque concirnen directamente ós contidos propios da área: é o caso da Educación para a convivencia, a Educación do consumidor, a Educación non sexista, a Educación ambiental e a Educación multicultural. Se tiveron en conta na linguaxe e situacións outros temas como o respecto ós dereitos humanos, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a non discriminación das persoas por razóns de raza, sexo ou idade, etc.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Museos	Visita a museos, exposicións, talleres didácticos			
Eventos culturais e obradoiros	Asistirase a eventos de interese artístico cultural si se considera de interese para o alumnado.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Murais no centro	Proxecto exornar o IES , que consiste en decorar paulatinamente distintas estancias do centro con murais, reprodución de obras de arte,...			
Exposición de taballos	Exposición de traballos do alumnado			

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
Engadiuse algún contido non previsto á programación?
Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?
Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación?
Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

#### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O departamento considera que as programacións didácticas deben ser un elemento vivo que se vaia adaptando á realidade do centro, dos alumnos e alumnas e das normativas vixentes. Por este motivo, considérase necesario ir tomando nota das valoracións do funcionamento da mesma e de suxerencias de posibles melloras ao longo do curso para ser tidas en conta no comezo do curso seguinte, no deseño da seguinte programación didáctica. Estas reflexións e valoracións faranse a través do diálogo entre os profesores na medida do posible, tendo en conta a nova dificultade que presenta o non contar coa hora de reunión semanal dos membros do departamento.

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

Porcentaxe do cumprimento da programación.

Xustificacións da parte da programación non impartida.

Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

Motivos das modificación feitas.

Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.

Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

## **9. Outros apartados**